

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 22 DE XANEIRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintedous de Xaneiro de mil novecentos noventa e seis; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1. ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 15 de Xaneiro pasado.

2. OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don Ramón Martínez Rodríguez**, veciño de Francelos, con domicilio na Estrada de Francelos a Ribadavia para que na rúa do Ribeiro, nº 5, poida proceder á rehabilitación dun inmovible da súa propiedade, para o cal deberánse cumprir-las medidas de seguridade regulamentarias. Depositará unha fianza para responder dos posibles danos na vía pública, reposición e varios, de 200.000 pesetas. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 576.327 pesetas.

A **Dragados e Construcións S.A., na representación da Confederación Hidrográfica**, con domicilio na rúa Cervantes, 27, 3º de Oviedo, para que no lugar de San Cristovo, preto do Avia, poida construír unha Estación de Alerta Automática do río Avia, segundo proxecto SAICA, 2ª fase; a devandita Estación ubicarase fóra da traza dos camiños da zona e da vía pavimentada, Camiño Quinza-San Paio; situarase así mesmo, a 10 metros do eixe. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 44.287 pesetas.

3. ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Don Gil Alvarez Couto, veciño desta Vila, con domicilio no Camiño Quinza, no que prega se lle conceda a acometida de auga para uso doméstico nun galpón da súa propiedade sito no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede

ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servizo; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Gil Alvarez Arce, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Avda. Redondela, 39, 1º A, no que prega se lle conceda a acometida de auga para uso doméstico no inmovible sito no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servizo; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Manuel Alonso Alvarez, veciño de Francelos, no que interesa a devolución de fianza constituída en 7 de Febreiro de 1994 en cumprimento dun acordo desta mesma Comisión de data 26 de Xaneiro de 1994, coma consecuencia de licencia para construción dun inmovible sito na rúa Pouso; esta Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda a devolución da devandita fianza por importe de 60.000 pesetas, así mesmo, acorda tamén conceder licencia de primeira ocupación do inmovible en cuestión, unha vez comprobado o remate de tódalas obras coa debida certificación de fin de obra.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas dos abastecementos de consumo público de Ribadavia e San Paio.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura presentada por Construcións Fidalgo, por importe de 541.650 pesetas, relativa á colocación de sinais de tráfico e outros traballos en relación coas mesmas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a baixa de recibos varios de I.B.I. de natureza urbana referentes ó ano 1994, segundo detalle que obra no expediente desta Comisión, por un importe total de 543.477 pesetas.

Examinadas as liquidacións do Imposto Municipal sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, practicada por Intervención, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ás que de seguido se relacionan:

Expte. 2/96, a Don Modesto Pontes Sánchez, con domicilio na rúa Xoan XXIII, 3, 7º G de Ourense, por venda dun inmovible a Don Celso González Fernández, por importe de 4.725 pesetas.

Expte. 3/9, a Don Modesto Pontes Sánchez, con domicilio na rúa Xoan XXIII, 3, 7º G, de Ourense, por venda dun inmovible a Dona Esther González Lourido, por importe de 4.149 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó anexo de actualización do presuposto das obras correspondentes ó reformado nº 2, do proxecto de pavimentación da rúa Formigueira (2ª fase), redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Don Manuel Durán Fuentes.

6- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

sendo as sete e media do serán o Sr. Alcalde, ergueu a sesión estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.